

TEMA 8 3º PRIMARIA

O xénero dos substantivos

Nome _____ Data _____

LEMBRA

Os substantivos teñen **xénero**: poden ser masculinos ou femininos.

Os substantivos **masculinos** adoitan levar diante palabras como *o* ou *un*.

Os substantivos **femininos** adoitan levar diante palabras como *a* ou *unha*.

O feminino dun substantivo adóitase formar engandíndolle un **-a** á forma do masculino ou cambiando o **-o** ou o **-e** do masculino por un **-a**.

1 Escribe diante de cada palabra *un* ou *unha*, segundo corresponda.



_____ triciclo



_____ barca



_____ papaventos



_____ esponxa

2 Arrodea de azul os substantivos anteriores masculinos e de vermello, os femininos.

3 Forma o feminino destes substantivos seguindo os modelos.

• xeneral ▶ xenerala

• mestre ▶ mestra

• xuíz ▶ _____

• elefante ▶ _____

• doutor ▶ _____

• dependente ▶ _____

• rapaz ▶ _____

• presidente ▶ _____

4 Relaciona cada substantivo masculino co feminino correspondente.

home

cabalo

pai

carneiro

boi

ovella

nai

vaca

muller

egua

TEMA 8

3º PRIMARIA

Palabras con *b*

Nome _____ Data _____

LEMBRA

Esíbese **b** nos seguintes casos:

- Diante der.
- Diante del.
- Despois de m.




1 Relaciona cada definición cun debuxo e escribe o seu nome. Todos levan *br* ou *bl*.

Libro sagrado, que é a base do cristianismo. •

Muller que fai feitizos e voa en vasoira. •

É a femia do castrón. •

Peza de roupa. •



2 Escribe os nomes. Todos levan *mb*.



3 Subliña dúas palabras mal escritas en cada oración e cópiaa corrixíndoas.

• Martiño toca o tromvón e Uxío toca o tamvor.

• Na bivlioteca hai moitos livros.

• O meu amigo Vrais é moi amavle.



TEMA 8 3º PRIMARIA

No mercado

Nome _____ Data _____

1 Arrodea a palabra que corresponda. Que froitas e hortalizas se indican na lámina?

1

mazá
tomate
leituga

2

patacas
cereixas
plátanos

3

amorodos
pexegos
allos

4

cebolas
plátanos
cenorias

5

cabazas
pexegos
patacas



TEMA 9 3º PRIMARIA

O número dos substantivos

Nome _____ Data _____

LEMBRA

Os substantivos teñen **número**: poden estar en singular ou en plural.

Os substantivos en **singular** nomean un só ser ou obxecto. Os substantivos en **plural** nomean varios seres ou obxectos.


Para formar o plural, os substantivos adoitan engadir **-s** ou **-es** á forma do singular.

Alguns substantivos teñen a mesma forma para o singular e para o plural.

- 1** Subliña os substantivos do texto e clasifícaos.

Incrible!

O científico e os seus axudantes foron ao lago a buscar ras amarelas. Non atoparon ningún animal así, pero descubriron... uns peixes transparentes!



Están en singular

Están en plural

- 2** Copia cambiando o número dos substantivos destacados e as palabras que cumpra.

- Debuxei un **ourizo** nun **folio**.

Debuxei uns _____

- O **tren** pasou por un **túnel**.
- _____

- Gústame o **olor** da **flor** do **anís**.
- _____



- 3** Escribe en singular.

• varios crebacabezas un _____

• dous lapis un _____

• moitos sacarrollas un _____

• os martes o _____

TEMA 9 3º PRIMARIA


Palabras con *h*

Nome _____ Data _____

LEMBRA

Escríbense con **h** os seguintes termos:

- Todas as formas do verbo *haber*.
- Moitas outras palabras como *hoxe, home, hora, heroe, vehículo*, etc.



1 Arrodea a forma correcta de cada parella.



armónica
harmónica



ovo
hovo



erba
herba



óso
hóso



amaca
hamaca



arpa
harpa

2 Completa as oracións coas palabras anteriores.

- O can do meu veciño atopou un _____ entre a _____.
- Gústame comer un _____ frito e despois descansar na _____.
- A _____ é un instrumento musical de corda e a _____, de vento

3 Escribe a palabra con *h* que corresponda en cada caso.

- É onde se garda o millo. _____
- Masculino de *muller*. _____
- O día ten vinte e catro. _____
- Coche ou automóbil. _____
- Nel cúranse os enfermos. _____
- Feminino de *heroe*. _____

4 Completa as oracións con formas do verbo *haber*.

- Xiana tirou a pelota e _____ de meter unha canastra.
- Mañá _____ que levar paraugas, porque anunciaron auga.
- _____ dous días que non vexo a teu irmán.



TEMA 9

3º PRIMARIA

As festas do barrio

Nome _____ Data _____

1 Arrodea a palabra que corresponda. Que termo hai representado en cada caso?

1

alumear
bailar
brincar

2

micrófono
altofalante
escenario

3

músico
orquestra
bandeiriolas

4

tocar
despachar
brincar

5

brincar
rir
despachar



O artigo

TEMA 10 3º PRIMARIA

Nome _____ Data _____

LEMBRA

Os **artigos** son palabras que van diante dos substantivos e que serven para concretalos ou determalos.

Os artigos poden ser determinados ou indeterminados. As formas do **artigo determinado** son **o, a, os, as**. As formas do **artigo indeterminado** son **un, unha, uns, unhas**.

- 1** Arrodea cada artigo do texto e subliña o substantivo que acompaña.

Que mágoa!

A praia estaba tranquila e as rapazas xogaban nela. Uns caldeiros e unhas pas servíanlles para construír un castelo. De súpeto, unha onda chegou con forza, rompeu o castelo de area e arrastrou os xoguetes. Por sorte déronos recuperado, pero... que mágoa de castelo!



- 2** Copia no seu lugar cada artigo que arrodeaches co seu substantivo.

		Con artigo determinado	Con artigo indeterminado
SINGULAR	Masculino		
	Feminino		
PLURAL	Masculino		
	Feminino		

- 3** Escribe o artigo determinado e o indeterminado que pode levar cada palabra.



• _____ ou _____ bolígrafos • _____ ou _____ boneca



• _____ ou _____ pan • _____ ou _____ bólas



TEMA 10 3º PRIMARIA

As contraccións do artigo

Nome _____ Data _____

LEMBRA

As palabras a, con, de, en e por, cando se atopan cos artigos o, a, os, as, únense a eles e forman as palabras ao, á, aos, ás; co, coa, cos, coas; do, da, dos, das; no, na, nos, nas; polo, pola, polos, polas.

As palabras con, de e en, cando se atopan cos artigos un, unha, uns, unhas, únense a eles e forman as palabras cun, cunha, cuns, cunhas; dun, dunha, duns, dunhas; nun, nunha, nuns, nunhas.

Estas unións denomínanse contraccións.

1 Indica que elementos forman cada contracción.

• ao _____ + _____

• das _____ + _____

• nas _____ + _____



• cos _____ + _____

• pola _____ + _____

• ás _____ + _____



2 Copia cada oración facendo as contraccións necesarias.

• Cruzaremos o río por a ponte vella.



• A os turistas gústalles pasear por as rúas de o centro.

• Xiao pregúntalle por o prezo de os kiwis a o froiteiro.

3 Completa coa contracción que cumpra.

• O balón voou _____ aire e caeu fóra _____ patio.

• Falei _____ rapaz que coñecín _____ conservatorio.



TEMA 10
3º PRIMARIA
Repoboamos o bosque

Nome _____ Data _____

1 Arrodea a palabra que corresponda. Que termo hai representado en cada caso?

1
plantar
cavar
regar

2
raíces
póla
landra

3
póla
landra
toro

4
cavar
regar
recoller

5
folla
póla
semente

